Lenda de Hécules e Gerión

Conta a lenda que había un xigante que vivía e gobernaba con man de ferro as terras que estaban situadas entre o Douro e o Taxo. Os habitantes desta zona estaban completamente aterrorizados ante o poder do xigante.
Tanto é así que non paraban de rezar e suplicar aos deuses que lles enviase un salvador. Desta maneira Zeus envía ao seu fillo Hércules para que libere a este pobo de Gerión. Conta a lenda que Hércules chega a estas terras e atopa a Gerión nas proximidades de Brigantium, fronte ao océano Atlántico.

A pelexa tivo lugar durante tres días e tres noites, ata que por fin Hércules vence ao xigante, córtalle a cabeza e entérraa xunto ao mar (por iso é polo que a caveira apareza no escudo da Coruña baixo a torre). Para conmemorar esta vitoria, o heroe constrúe unha torre-faro cun gran facho na cima e ordena que se poble a vila que hai xunto ao lugar no que vence ao xigante.

O primeiro habitantes que chega ata aquí é unha muller chamada Cruña, de cuxo nomee deriva A Coruña.
Hoxe en día esta lenda é a máis coñecida e máis tradicional entre os habitantes da Coruña. Sempre se aludiu a Hércules como o fundador da cidade e o construtor do faro.





- Como se chamaba o xigante?
    - Hércules
    - Gerión
    - Cruña

- Quen é o pai de Hércules?
    - Zeus
    - Breogán
    - Ades

- Canto durou a pelexa entre Hércules e Gerión?
    - 19 días e 500 noites
    - 3 días e 3 noites
    - Unha tarde

- Que constrúe para conmemorar a vitoria fronte o xigante?
    - Un barco
    - Unha casa
    - Unha torre- faro.